

Defensa dos intereses de Galicia perante a UE

2º semestre de 2024

Informe para o Consello da Xunta de Galicia

Xaneiro de 2025

Índice

| | |
|---|----|
| Resumo executivo | 3 |
| 1. O conselleiro do Mar visita Bruxelas no marco das negociacións das posibilidades de pesca para 2025..... | 4 |
| 2. A conselleira de Medio Ambiente participa no Consello da UE en representación de todas as CCAA | 5 |
| 3. A Xunta traslada á Comisión Europea a súa preocupación polo bloqueo aos parques eólicos en Galicia | 6 |
| 4. A ferramenta EMI implantada no Servizo Público de Emprego recibe recoñecemento a escala europea | 6 |
| 5. A Estratexia de Mobilidade Alternativa de Galicia, premiada nos Premios Europeos de Seguridade Viaria da Comisión Europea | 7 |
| 6. Galicia achega a súa experiencia en varias citas europeas relacionadas co uso da madeira, o sector automobilístico, e a IA..... | 8 |
| 7. Galicia aposta por dar máis voz ás rexións no proceso legislativo comunitario | 8 |
| 8. A execución do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, a Plataforma STEP e o novo xiro da PAC centraron os encontros virtuais Xunta-UE..... | 9 |
| 9. A participación galega na Semana Europea das Rexións e Cidades pon o foco no emprendemento nas áreas rurais | 10 |
| 10. Galicia e outras 133 rexións da UE reúnen-se co novo Parlamento Europeo para chamar á defensa da política de cohesión | 11 |
| ANEXO I – Listado de reunións ás que asistiu a FGE en Bruxelas..... | 12 |
| ANEXO II – Oportunidades detectadas e expedientes ou debates obxecto de seguimento..... | 27 |
| ANEXO III - Listado de siglas | 31 |

Resumo executivo

Este informe resume a acción de Galicia na UE durante o segundo semestre de 2024, centrándose, sobre todo, nas actividades da oficina de representación galega en Bruxelas, a Fundación Galicia Europa (FGE), que traballa da man da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, e en coordinación con diferentes departamentos dos sector público autonómico.

Trátase de actividades dirixidas a garantir a contribución da Xunta de Galicia aos debates europeos, mediante a achega da nosa experiencia e do noso coñecemento sobre o terreo. A participación autonómica nestes debates é fundamental, xa que, dadas as competencias como comunidade autónoma, a Xunta de Galicia é a responsables de aplicar gran parte da lexislación europea. A FGE fai seguimento dos debates na UE, analízalos dende a perspectiva galega e asesora á Xunta para canalizar as súas achegas ás instancias comunitarias.

Nos meses de setembro a decembro de 2024, a FGE traballou en temas moi diversos dos que se destacan neste informe:

1. A visita do conselleiro do Mar con motivo da negociación anual das posibilidades de pesca.
2. A participación da conselleira de Medioambiente e Cambio Climático con motivo da súa participación con Consello da UE en representación de todas as comunidades autónomas
3. A visita desta mesma conselleira en setembro para manter diversas reunións coa Comisión Europea en relación co bloqueo xudicial dos parques eólicos
4. O recoñecemento da ferramenta EMI utilizada no Servizo Público de Emprego como caso de éxito parte da comunidade GovTech promovida pola Comisión Europea
5. O premio outorgado pola Comisión Europea á Axencia Galega de Infraestruturas pola Estratexia de Mobilidade Alternativa de Galicia
6. A participación galega en foros europeos relacionados coa construción en madeira, o sector do automóbil e o papel das administracións rexionais no desenvolvemento da IA
7. A participación galega en 11 reunións do Comité Europeo das Rexións, entre as que destaca a conmemoración dos 30 anos desta asamblea
8. A organización de tres encontros virtuais entre a Xunta de Galicia e a UE: sobre a avaliación por parte do Tribunal Europeo de Contas do fondos NextGeneration, sobre as oportunidades da Plataforma STEP e sobre o xiro que deu a PAC nos últimos meses
9. A participación galega na Semana Europea das Rexións e Cidades, na que contamos a nosa experiencia coa promoción do emprendemento no rural

10. A defensa da política rexional no futuro orzamento comunitario e xestión rexional dos fondos

No **anexo I**, recóllese un listado con **88 reunións** ás que asistiu o persoal e os bolseiros da FGE en Bruxelas cunha breve explicación do interese de cada unha delas para a defensa dos intereses galegos perante a UE. Trátase, por exemplo, de reunións organizadas pola rede informal de colaboración entre Oficinas Rexionais en Bruxelas (CORE), que permiten unha mellor interlocución coas institucións europeas e coa Representación Permanente de España ante UE (REPER) para obter información de primeira man do traballo de España no Consello. Este semestre, a oficina de Aragón en Bruxelas coordinou os traballos de CORE. Tamén se recollen as reunións do Comité Europeo das Rexións, nas que a FGE presta apoio técnico e loxístico para a participación do representante galego: o director xeral de Relacións Exteriores e coa UE, Jesús Gamallo.

No Anexo II, recóllense os preto de **30 expedientes legislativos e oportunidades** detectados pola FGE para a participación da Xunta de Galicia nos asuntos comunitarios, das que destacamos:

- A Información sobre a tramitación do acto delegado que pechará o Golfo de Biscaia entre xaneiro e febreiro de 2025.
- As consultas públicas da Comisión Europea de especial interese para Galicia como a relativa a STEP
- A procura de relatores do eido europeo para participar nun evento sobre enerxía eólica organizado pola Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e nun evento sobre investimento en ciencia.
- A transmisión á Comisión Europea do apoio institucional do Goberno galego para a inclusión do hidroducto Guitiriz-Zamora no mapa europeo do hidróxeno verde (convocatoria de proxectos PIC)
- A solicitude de contribución aos traballos de *lobby* da Conferencia de Rexións Periféricas e Marítimas (CRPM) en materia de innovación, turismo, transición enerxética da pesca...
- A posibilidade de participar en seminarios especialmente orientados ás rexións como a segunda conferencia de 2024 da Plataforma de Transición Xusta
- A Consulta a CEDEFOP sobre como conectarse cos datos da ferramenta OVATE Skills de cara a poñer en marcha a segunda fase de EMI en Galicia

Máis información sobre a participación de Galicia nos asuntos europeos en fundaciongaliciaeuropa.eu e nos [boletíns mensuais de información](#) da FGE (último de [decembro de 2024](#)).

1. O conselleiro do Mar visita Bruxelas no marco das negociacións das posibilidades de pesca para 2025

A principios de decembro, o conselleiro do Mar, Alfonso Villares mantivo encontros informais con responsables comunitarios do sector e doutras rexións, ademais de intercambiar impresións co ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, Luis Planas. Unha desas xuntanzas foi a que mantivo na oficina da FGE cunha delegación da Bretaña francesa, encabezada polo vicepresidente de Mar e Litoral, Daniel Cueff, con quen analizou a situación de partida da actividade pesqueira comunitaria neste novo mandato e estudaron ámbitos onde desenvolver accións conxuntas.



Dende a sede da FGE, Villares deu conta aos medios do acordo final sobre as posibilidades de pesca, que valorou negativamente. En relación co acordo co Reino Unido, destacou que suporía grandes baixadas na pescada do caladoiro do Atlántico Norte e repercutiría nunha perda de ingresos para a economía galega de 54 millóns de euros.

2. A conselleira de Medio Ambiente participa no Consello da UE en representación de todas as CCAA

Tras consensuar unha posición común entre todas as comunidades autónomas, Ángeles Vázquez interveu na reunión de ministros de Medioambiente no punto dedicado ao regulamento en materia de contaminación por microplásticos. As CCAA valoran moi positivamente o acordo dos 27 Estados membros sobre este regulamento para prever as perdas de granulado plástico en todas as etapas da cadea de subministración, incluído o transporte marítimo.



Esta nova norma pretende reducir entre un 54% e un 74% o impacto negativo que teñen estas perdas no clima, na biodiversidade, a economía e a saúde, o que suporía beneficios ambientais, reputacionais e competitivos. A conselleira fixo fincapé na necesidade de que se teñan en conta os custos derivados da súa aplicación por parte das administracións subnacionais, como é o caso das comunidades autónomas. Neste sentido, solicitou que poñan á súa disposición os correspondentes recursos financeiros e técnicos.

A FGE organizoulle, ademais, unha reunión co director de Dereitos dos Cidadáns e Asuntos Constitucionais do Parlamento Europeo, Michael Speiser, a quen trasladou a súa inquedanza pola “inseguridade xurídica” que está a xerar en Galicia a “parálise xudicial e administrativa” que afecta a dúcias de proxectos eólicos.

3. A Xunta traslada á Comisión Europea a súa preocupación polo bloqueo aos parques eólicos en Galicia

A conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, Ángeles Vázquez, mantivo en setembro varias reunións en Bruxelas organizadas pola FGE para trasladar a preocupación pola parálise xudicial que afecta a unha centena de proxectos eólicos en Galicia, trala cuestión prexudicial presentada polor Tribunal Superior de Xustiza de Galicia ante o Tribunal de Xustiza da UE.



A conselleira reuniuse así co director do Servizo Xurídico da Comisión Europea, Daniel Calleja, co director de Biodiversidade da Dirección Xeral de Medio Ambiente da Comisión, Humberto Delgado, e co director de Transición Verde e Integración do Sistema Enerxético da Dirección Xeral de Enerxía da Comisión Europea, Lukasz Kolinski. Entre outras cuestións, a conselleira informou de que a Xunta está a traballar na Lei de administración ambiental simplificada co obxectivo de introducir unha maior claridade e certeza no ordenamento xurídico ambiental de Galicia.

4. A ferramenta EMI implantada no Servizo Público de Emprego recibe recoñecemento a escala europea

O conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, José González, recolleu en Bruxelas o premio do Observatorio de Vixilancia Tecnolóxica do Sector Público a esta ferramenta que emprega IA nas 54 oficinas públicas de emprego de Galicia. Trátase dunha mención especial dentro dos premios organizados pola Asemblea GovTech Connect, unha plataforma financiada pola UE que pon en contacto ás administracións públicas da UE para fomentar o uso innovador das tecnoloxías emerxentes como a intelixencia artificial ou *Blockchain* dentro do sector público. Nesta edición, presentáronse un total de 32 casos, dos que 14 foron preseleccionados tras unha avaliación previa, e seis finalmente galardoados.



Para recoller o premio, o conselleiro interveu nun debate xunto a representantes das [outras administracións galardoadas](#): Concello de Helsinki, Ministerio de Xustiza de España (que obtivo dous premios), Instituto Italiano de Seguridade Social e o Ministerio de Clima de Estonia.

A FGE apoiou e facilitou a participación galega neste acto.

5. A Estratexia de Mobilidade Alternativa de Galicia, premiada nos Premios Europeos de Seguridade Viaria da Comisión Europea

A rede de sendas peonís e ciclistas nas estradas da Xunta, desenvolvida no marco da Estratexia de Mobilidade Alternativa de Galicia, foi distinguida neste certame na categoría de mellores proxectos de apoio á seguridade viaria para usuarios vulnerables: peóns e ciclistas. Estes galardóns son convocados pola Carta Europea de Seguridade Viaria, unha comunidade de máis de 4.000 entidades e persoas impulsada pola Dirección Xeral de Mobilidade e Transporte da Comisión Europea para promover melloras na seguridade viaria en toda a UE.



O xefe da área de Planificación, Innovación e Seguridade Viaria da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI), Héctor Presas, foi o encargado de recoller o premio en Bruxelas. Esta entidade promoveu nos últimos anos preto de 300 km de sendas peonís, ciclistas e beirarrúas, co apoio do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER).

A FGE acompañou á delegación galega nesta cerimonia e organizou unha reunión ao día seguinte na Dirección Xeral de Mobilidade para falar do despregamento das infraestruturas de combustible alternativo en Galicia.

6. Galicia achega a súa experiencia en varias citas europeas relacionadas co uso da madeira, o sector automobilístico, e a IA

En outubro, o director da AMTEGA, Julián Cerviño, participou nun [seminario organizado polo Comité Europeo das Rexións en Tampere \(Finlandia\)](#) sobre os retos e oportunidades da IA no sector público, con motivo do ditame que estaba a elaborar sobre este tema. Co apoio da FGE, o representante da Xunta puido explicar a lei autonómica de IA que está en proceso de aprobación e que promoverá a implantación da IA na administración pública, no ecosistema I+D e nos sectores económicos. AMTEGA tamén presentou sete emendas ao texto do ditame que se votou en novembro na sesión plenaria do Comité Europeo das Rexións, sendo incorporadas na súa maioría ao texto final.



En novembro, o director da Axencia Galega da Industria Forestal (XERA), Jacobo Aboal, participou na [Conferencia sobre política e innovación madeira](#) en Bruxelas, onde explicou a experiencia galega para impulsar a construción con madeira. Tratouse dunha cita importante organizada pola Wood4Bauhaus, unha alianza xurdida a raíz de varios proxectos europeos que agrupa a fabricantes e sindicatos do sector, ademais de autoridades públicas. Coincidindo co Plan de Recuperación para Europa de 2021, a UE puxo en marcha unha gran “onda de renovación dos edificios” para mellorar a súa eficiencia enerxética. O obxectivo de Wood4Bauhaus é que as autoridades europeas integren plenamente neste proceso a construción en madeira, para o que traballa en mellorar a competitividade do sector, a estandarización, a certificación de toda a cadea de valor e a atracción de traballadores.

En decembro, a conselleira de Economía e Industria, María Jesús Lorenzana, interveu na [III Conferencia Anual da Alianza de Rexións Europeas con Industria de Automoción \(ARA\)](#), celebrada en Monza (Italia), na que as 36 rexións membro asinaron unha [declaración](#) que demanda unha folla de ruta clara e estable para a transformación da industria do automóbil de cara a acadar a neutralidade climática. FGE xestiona a participación galega nesta rede, creada en 2022 á marxe do Grupo Interrexional do Automóbil do Comité Europeo das Rexións, do que Galicia tamén forma parte.

7. Galicia aposta por dar máis voz ás rexións no proceso legislativo comunitario

A FGE prestou apoio á representación galega en 11 reunións do Comité Europeo das Rexións, entre as que se atopa a [11ª Conferencia sobre Subsidiariedade](#), nun momento en que esta institución valora por primeira vez acudir ao TXUE para defender este principio, ou a [conmemoración dos 30 anos](#) desta asemblea rexional. Como



membro español máis veterano nela, Jesús Gamallo resaltou a evolución desta asemblea que representa a máis dun millón de representantes electos locais e rexionais en toda a UE: “O CdR é hoxe un actor importante na escena europea, tanto na elaboración das políticas europeas como na súa aplicación. Ademais dos ditames e resolucións políticas que adoptamos, esta asemblea ten cada vez máis peso político como demostran os recentes acordos de cooperación coa Comisión Europea e o Parlamento Europeo, que dan pé a novas oportunidades. O novo presidente do Consello Europeo, o portugués Antonio Costa, é ademais un fervinte defensor deste foro ao que pertenceu”. Os logros e reivindicacións actuais deste órgano consultivo da UE están plasmados nunha resolución política adoptada no último pleno do ano na que demanda reformas ambiciosas da arquitectura institucional europea para conseguir un maior recoñecemento.

8. A execución do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, a Plataforma STEP e o novo xiro da PAC centraron os encontros virtuais Xunta-UE

A FGE organizou tres encontros virtuais entre a Xunta de Galicia e representantes da Comisión Europea:

- En setembro, sobre a [plataforma de tecnoloxías estratéxicas para Eurpa \(STEP\)](#) posta en marcha no último ano co obxectivo de apoiar as tecnoloxías estratéxicas críticas e emerxentes e as súas respectivas cadeas de valor en tres áreas: tecnoloxías dixitais, tecnoloxías limpas e eficientes no uso dos recursos, e biotecnoloxías, incluíndo medicamentos. A plataforma mobiliza fondos a través de 11 programas europeos, incluído o Mecanismo de Recuperación y Resiliencia (MRR), InvestEU ou os fondos estruturais. Pola parte galega, a Consellería de Facenda explicou algúns proxectos que teñen identificados nos ámbitos de STEP.
- En outubro, [sobre a PAC](#), cuxo regulamento foi obxecto de varios cambios en primavera tras as protestas do sector a principios de ano. O informe final do diálogo estratéxico da PAC, publicado en setembro, será a base para a nova visión sobre agricultura e alimentación que a Comisión Europea presentará nos primeiros 100 días do segundo mandato da presidenta Von der Leyen. Por parte da Xunta, o director



xeral da PAC, Juan José Cerviño, lamentou que os eco-réximes deseñados no Plan Estratégico da PAC en España non están adaptados a realidade galega, demandando unha PAC máis flexible e menos burocrática.

- En decembro, sobre a [avaliación que está a facer o Tribunal Europeo de Contas sobre o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia](#), que conta cun sistema de xestión moi distinto ao dos fondos estruturais, baseado no cumprimento de fitos e obxectivos, e non na certificación de gasto. Foi o encontro virtual con máis asistentes (65) e contou coa intervención do membro español do ECA, o galego Alejandro Blanco, e co conselleiro de Facenda, Miguel Corgos.

9. A participación galega na Semana Europea das Rexións e Cidades pon o foco no emprendemento nas áreas rurais

A FGE promoveu un ano máis a participación galega nesta cita anual que reúne en Bruxelas a máis de 6.000 representantes das administracións locais e rexionais para poñer en común como trasladan as políticas europeas nos seus territorios. O secretario xeral de Emprego, Pablo Fernández, interveu nun seminario sobre



o potenciamento do talento rexional, no explicou a experiencia da rede de Polos de Emprendemento en Galicia. Por outro lado, a propia FGE explicou varios dos proxectos europeos nos que está inmersa con outras entidades para empoderar a mocidade do rural para que se anime a emprender

10. Galicia e outras 133 rexións da UE reúnen-se co novo Parlamento Europeo para chamar á defensa da política de cohesión

Despois da carta mandada en maio á presidenta da Comisión Europea, a alianza que agrupa a (agora) máis de 140 rexións europeas, EURegions4Cohesion organizou a principios de outubro [unha reunión política no Parlamento Europeo](#) cos eurodeputados que haberían de aprobar os candidatos a comisarios propostos por Ursula Von der Leyen. Nesta reunión participaron 20 representantes rexionais, entre os que estaba o conselleiro de Facenda, e máis de 30 eurodeputados.



Con motivo desta viaxe, a FGE organizou unha reunión do Conselleiro de Facenda co director xeral adxunto da Dirección de Política Rexional da Comisión Europea, onde se animou a elaborar unha posición común das CCAA sobre neste debate. Por conseguinte, a FGE elaborou unha proposta de posicionamento que está pendente do acordo co resto das CCAA.

EURegions4Cohesion defende a necesidade dunha política rexional forte que siga implicando ás rexións no deseño e execución dos programas fronte a intención da Comisión Europea de propor plans únicos por país que reúnan os actuais fondos de cohesión, agricultura e pesca. Isto podería poñer en risco a continuidade dos programas de FEDER e FSE galegos, por exemplo, dotados de 1.567 e 738,4 M€ respectivamente para o período 21-27.

A FGE está a coordinar a participación das 17 comunidades autónomas nesta alianza como coordinadora do grupo de Cohesión do sistema de colaboración informal entre as oficinas de representación autonómica en Bruxelas (CORE). En decembro, a FGE organizou unha reunión de CORE cos conselleiros de Facenda e a Oficina Económica do Goberno na que se debateu sobre a posición de España no actual debate sobre o futuro Marco Financeiro Plurianual.

ANEXO I – Listado de reunións ás que asistiu a FGE en Bruxelas

| | | | |
|------------|---|---|--|
| 04/09/2024 | CPRM | Reunión de Política Rexional da | Nesta reunión debatiuse a contido dun informe emitido por a CPRM de cara a o novo presupuesto da UE poñendo de relevo a importancia das rexións periféricas |
| 04/09/2024 | Alianza de Rexións con Industrias da Automoción (ARA) | ARA's sherpa working group | Preparación da asemblea xeral de ARA en Lombardía (28-29 de novembro) |
| 05/09/2024 | EURegions4Cohesion | Reunión preparatoria para a organización do evento "Futuro Política Regional" no PE con líderes rexionais dos países membros da rede | Durante esta reunión se falou sobre que políticos regionales acudirían al evento "Futuro política regional" en el PE el 2 de octubre. También se informó sobre que Nouvelle Aquitaine escribiu de nuevo al gabinete de vdL pidiendo una reunión con esta red, tras haberle mandado una carta ya previamente. |
| 06/09/2024 | FGE | Reunión co novo corresponsal da TVG en Bruselas, Xoel Rodríguez Poy | |
| 06/09/2024 | FGE | Reunión con José María Boccio, SpeechWare | |

| | | | |
|------------|--------|--|--|
| 11/09/2024 | FGE | Reunións da conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático | Nesta reunión tratáronse asuntos relativos as enerxías renovables en xeral en Galicia e a enerxía eólica en particular. |
| 11/09/2024 | Eurail | Conferencia e networking ca empresa Eurail | Durante este evento a empresa Eurail presentou ás rexións os seus servizos de billete de tren para mozos. Participou como exemplo de éxito dos seus servizos a vicecalde de Frankfurt, concello que contratou con Eurail xa en dúas ocasións varios lotes de billetes para os mozos da cidade. Despois da conferencia houbo unha comida de networking. |
| 11/09/2024 | FGE | Reunión da conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático co director xeral do Servizo Xurídico da Comisión Europea | Durante a visita da conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático a Bruselas esta mantivo unha reunión co director xeral do Servizo Xurídico da CE, Daniel Calleja, para trasladarlle a preocupación da Xunta por o bloqueo xudicial aos parques eólicos na rexión. |
| 11/09/2024 | FGE | Reunión ca directora da oficina de Pérez-Llorca en Bruselas | Durante a visita da conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático a Bruselas esta mantivo unha reunión ca directora da oficina de Pérez-Llorca en Bruselas, Sonsoles Centeno. |
| 11/09/2024 | FGE | Reunión da conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático co Director Xeral de Medio Ambiente da Comisión Europea | Durante a visita da conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático a Bruselas esta mantivo unha reunión co director xeral de medio ambiente da CE, Humberto Delgado. Tamén participaron a xefa da unidade de Conversación da Natureza, Andrea Vettori, e a xefa da Unidade Estado de Dereito Medioambiental e Gobernanza, Vita Jukne. |

| | | | |
|------------|---|--|--|
| 11/09/2024 | FGE | Reunión da conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático co director de Transición Verde e Integración do Sistema Enerxético | <p>Durante a visita da conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático a Bruselas esta mantivo unha reunión co director de Transición Verde e Integración do Sistema Enerxético, Lukas Kolinski</p> |
| 11/09/2024 | FGE | Reunión da conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático co embaixador representante permanente adxunto de (ERPA) España ante a UE | <p>Durante a visita da conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático a Bruselas esta mantivo unha reunión co ERPA de España ante a UE, Oriol Escalas Nolla.</p> <p>Tamén asistiron á reunión o conselleiro de Medio Ambiente da REPER, Miguel Castroviejo Bolívar, o conselleiro xurídico, Yago Fernández Badía, e a conselleira Mertens, Victoria Ortega Gutierrez.</p> |
| 11/09/2024 | CRPM | Fisheries Working Group | <p>1) Evaluación das Contribucións á posición común que a CRPM transmitirá á Comisión; 2) Evaluación das contribucións da CRPM ás Chamadas a evidencia da Comisión sobre a futura PCC e o FEMPA; 3) Organización da Conferencia de Gozo e a reunión de alto nivel con DG MARE, CdR e EP.</p> |
| 12/09/2024 | Demographic Change Regions Network (DCRN) | Reunión de membros do DCRN | <p>Nesta reunión debatéronse distintos asuntos sobre o despoboamento, contando con relatores de DG REXIO e DG REFORM. Proporcionouse unha actualización sobre o documento de posición do DCRN sobre o futuro da política de cohesión, centrándonos no seu proceso de validación e difusión. Finalmente discutir o compendio de boas prácticas da OCDE sobre adaptación ao cambio demográfico. Como parte do proxecto “Reducir a poboación de</p> |

| | | | |
|------------|--------------------|---|---|
| | | | forma intelixente e sostible”, a OCDE está a recompilar boas prácticas para abordar e adaptarse ao cambio demográfico nos seus países membros. |
| 13/09/2024 | EURegions4Cohesion | O futuro da política de cohesión | Durante esta reunión avanzouse no borrador do documento de posición sobre a política de cohesión para as rexións que se presentará o 2 de outubro no PE xunto aos distintos líderes rexionais. |
| 18/09/2024 | FGE | STEP: o financiamento europeo de tecnoloxías estratéxicas Encontros virtuais Xunta-UE | Neste webinar Carlos Arsuaga Carreras e Irati Icardo Isasa, responsables de políticas no grupo de traballo sobre STEP da Comisión Europea, explicaron a os asistentes pertencentes a Xunta de Galicia como se estrutura o financiamento da UE para as tecnoloxías estratéxicas, e como Galicia pode faver un bo proveito del. |
| 19/09/2024 | FGE | Reunión con CITIC (Centro de Investigación en Tecnoloxías de la Información y Comunidades) | CITIC, centro pertencente á Universidade da Coruña, contactou con FEUGA para pedir unha reunión coa FGE para que ambas as institucións coñecésemos mutuamente para establecer posibles sinerxías. |
| 19/09/2024 | AMTEGA | Reunión con AMTEGA | O obxectivo desta reunión foi tratar a achega de Galicia para o un ditame do CdR sobre IA |
| 20/09/2024 | EURegions4Cohesion | Reunión de membros | Nesta reunión continuouse coa preparación do evento sobre política de cohesión que se celebrará o 2 de outubro no PE con políticos rexionais |

| | | | |
|-------------------|--------------------|--|--|
| 20/09/2024 | REPER | Preparación Consello Agrifish | Os conselleiros da REPER informaron sobre os temas que se tratarían no Consello de Ministros que se celebraría días despois |
| 24/09/2024 | CdR | Comisión CIVEX | Aprobáronse dous ditames de iniciativa propia. Tamén debateuse e aprobouse o ditame ``As rexións e cidades como axentes da Estratexia da UE para África`` . Realizouse un debate sobre a promoción dos valores da UE como reto democrático para as rexións e cidades. Ademais levouse a cabo un debate sobre o Punto de información sobre a convocatoria de propostas relativa ao proxecto piloto sobre accións deportivas de emerxencia para os mozos |
| 25/09/2024 | EURegions4Cohesion | Reunión de membros | Nesta reunión continuouse coa preparación do evento sobre política de cohesión que se celebrará o 2 de outubro no PE con políticos rexionais |
| 26/09/2024 | FGE | Elaboración dunha posición de Galicia no debate sobre a política rexional 2028-2035 | Reunión virtual con empregados de varias Consellerías para escoitar os seus comentarios e suxestións en relación coa xestión de fondos europeos (FEDER, FEADER, FSE, MRR...) para definición do marco financeiro a partir de 2028. Tamén se pediu aos asistentes a súa achega sobre a definición dunha posición de Galicia en defensa da política de Cohesión. |
| 27/09/2024 | REPER | Reunión post-consello de competitividade | |
| 27/09/2024 | Casa de Escocia | NPLD (Rede para a Promoción da Diversidade Lingüística) | Almorzo de Networking da NPLD con motivo do Día Europeo das Linguas con intervencións sobre iniciativas para activar o uso social das linguas rexionais e minoritarias. A esta celebración foron convidados os membros gobernamentais do NPLD, membros do Parlamento Europeo, representantes da Comisión Europea e do Consello de Europa, e representantes dos Estados nos que se falan as linguas da rede. |

| | | | |
|----------------------|--|--|--|
| 03/10/2024 | PE (Diputado Benoit Cassart, Renew Europe) | <i>Sustainable Livestock and Europe's Ecological Transition</i> | <p>Posta en valor do papel da gandería en tres aspectos</p> <ul style="list-style-type: none"> -Reducir a pegada de CO2. -Enriquecer aos gandeiros -Frenar a despoblación no rural |
| 15-17/10/2024 | Comisión Europea | Conferencia sobre a Plataforma de Transición Xusta | presentación de boas prácticas, información sobre o Mecanismo de Transición Xusta e oportunidades de financiamento. |
| 14/10/2024 | Delegación do Goberno de Cantabria en Bruselas | Presentación do programa de traballo de Europa Creativa 2025 | Correo informativo sobre a reunión mantida sobre o programa de traballo de Europa Creativa 2025, incluíndo distintas ligazóns de interese |
| 17/10/2024 | FGE | Magallanes Renovables | |
| 17/10/2024 | CdR | Diálogo multinivel sobre a transición xusta | O Diálogo multinivel sobre unha transición xusta é un evento periódico organizado polo Comité Europeo das Rexións en cooperación coa Comisión Europea. O obxectivo do Diálogo é promover o intercambio entre os diferentes niveis de gobernanza no proceso de transición xusta en toda Europa. Os participantes nestes Diálogos poden proceder, por exemplo, da sociedade civil, as autoridades locais e rexionais (como concelleiros, alcaldes, gobernadores, membros de parlamentos rexionais, etc.), o goberno a nivel nacional, a Comisión Europea, o Parlamento Europeo e o Consello. |
| 17/10/2024 | FGE | Reunión con Magallanes Renovables | Magallanes Renovables é unha empresa galega que fabrica plataforma xeradoras de enerxía no mar do norte. A FGE mantén reunión con eles dende o 2022. |

| | | | |
|-------------------|--------------------|--|--|
| 18/10/2024 | EURegions4Cohesion | Reunión de membros | O obxectivo da reunión foi facer un seguimento as cartas que se enviarán aos comisarios Fitto e Serafin |
| 18/10/2024 | REPER | Reunión preparatoria del Consejo de Ministros de Agricultura | O obxectivo da reunión foi informar sobre o seguinte Consello de Agricultura |
| 23/10/2024 | REPER | Reunión post Consello de Enerxía | O obxectivo da reunión foi informar sobre o contido tratado no Consello de Enerxía |
| 24/10/2024 | REPER | Reunión post-consello Medio Ambiente | Destacaron os puntos relativos ó posicionamento da UE sobre a COP29 (cambio climático) e a COP16 (biodiversidade). Galicia, representante das CC. AA no semestre da Presidencia húngara, coordinou a redacción dun posicionamento común sobre a COP29. O MITECO denegou a intervención da conselleira por tratarse dunha cuestión internacional. |
| 24/10/2024 | CPMR | Actualizacións sobre o grupo CORE de cohesión da CPMR | Posta ao día dos asuntos tratados na CPMR |
| 24/10/2024 | | Reunión con Consejero Antici | Informouse dos resultados co Consello Europeo celebrado días antes |
| 25/10/2024 | CdR | Conferencia sobre subsidiariedade (Varsovia) | Participación do director xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea |
| 29/10/2024 | FGE | Encontros virtuais: “O futuro da PAC: unha visión sostible, resiliente e competitiva” | Neste seminario explicouse aos asistentes as previsións de evolución da nova PAC e como os receptores da mesma poden obter o máximo proveito |

| | | | |
|--------------------|--|---|---|
| 30/10/2024 | INLAC (Organización Interprofesional Lactea) | III Foro Lácteo: “O reto da descarbonización: O sector lácteo europeo, comprometido co medio ambiente e a loita contra o cambio climático” | Abordáronse os retos que afronta o sector agroalimentario na UE, a posición das institucións europeas respecto diso e posibles novidades lexislativas para este sector |
| 4-5/11/2024 | ARLEM | 15ª Sesión Plenaria da Asemblea Rexional e Local Euromediterránea (ARLEM) en Jordania | |
| 06/11/2024 | Comité Económico e Social | FU-TOURISM Open Day - Belgium Edition | Explicáronse os detalles, datas e requirimentos do programa de aceleración FU-TOURISM Acceleration Programme, que ten por obxectivo empoderar as PYMES no sector turístico e noutros relacionados co mesmo |
| 06/11/2024 | Oficinas de Murcia e de Extremadura | Reunión dos membros españois de ERRIN | A Delegación de Extremadura e a Oficina da Rexión de Murcia son os membros españois da xunta directiva de ERRIN, rede de rexións de I+D+i. Intercambiáronse experiencias sobre os traballos desta rede e abordáronse as prioridades temáticas do ano próximo. |
| 07/11/2024 | Quantum Europe | Quantum Europe Forum | Abordouse a posibilidade de establecer un ecosistema europeo próspero na computación cuántica, que permita situar aos territorios como líderes mundiais na excelencia e innovación cuántica |
| 07/11/2024 | PE | Audiencia do candidato a comisario de Orzamento, Piotr Serafin | Varios membros do PE examinarán a idoneidade do candidato para ser nomeado comisario para o periodo 2024-2029 |

| | | | |
|---------------|---|--|---|
| 11-13/11/2024 | FGE | Tec Europa 21ª Edición | Programa de formación presencial sobre financiación comunitaria impartido pola FGE a traballadores de entidades públicas e privadas de Galicia |
| 12/11/2024 | PE | Audiencia do candidato a comisario de Cohesión, Raffaele Fitto | Varios membros do PE examinarán a idoneidade do candidato para ser nomeado comisario para o período 2024-2029 |
| 12/11/2024 | Oficina da Rexión de Murcia | CORE de Competitividade | Reunión sobre a Plataforma Europea de Tecnoloxías Estratéxicas (STEP) con representantes da <i>task force</i> específica no seo da Comisión Europea. |
| 14/11/2024 | European Bureau for Conservation and Development (EBCD) | <i>The contribution of fisheries and aquaculture to food security</i> | Participación de Antonio Basanta, director xeral de pesca, acuicultura e innovación tecnolóxica, para defender o compromiso de Galicia coa descarbonización da flota. |
| 14/11/2024 | European Road Safety Charter | Premios Europeos Seguridade Vial | Foi premiada unha candidatura da Xunta de Galicia |
| 14/11/2024 | COPA COGECA | <i>2024 Wine Harvest event Competitiveness of EU wine in time of crisis</i> | Neste evento tratáronse as principais fortalezas e ameazas do sector vinícola na UE no contexto da transición verde e dun mercado cambiante e volátil. |
| 15/11/2024 | Delegación da Rioja | Reunión preparatoria do pleno do CdR | Reunión a que asistiron representantes das rexións de España en Bruxelas para tratar os asuntos que se levarán ao pleno do CdR de novembro |
| 15/11/2024 | Alianza de Rexións con Industrias da Automoción (ARA) | IGAPE | Preparación da asemblea xeral que terá lugar en Milán os días 28 e 29 de novembro. Contará coa participación da conselleira de Economía e Industria, do secretario xeral de Industria e dun representante do Instituto Galego de Promoción Económica () |

| | | | |
|------------|-----------------------------------|---|---|
| 15/11/2024 | reper | Reunión preparatoria do Consello Agrifish | O obxectivo desta reunión foi informar as CCAA sobre os asuntos que se tratarán no Consello de Agrifish de novembro |
| 18/11/2024 | Regions4Cohesion | Reunión de membros | Nesta reunión tratouse a preparación das cartas para Fito y Serafín pedindo reunións para finais de xaneiro, entre outros asuntos. |
| 18/11/2024 | REPER de Eslovenia ante a UE | Proxecto Piloto de Hidróxeno | No encontro presentouse o Proxecto Piloto do Hidróxeno, que forma parte da Iniciativa de Vanguardia, durante a Semana Europea do Hidróxeno. A Iniciativa de Vanguardia é unha alianza única das rexións industriais máis avanzadas de Europa que pretende estimular a innovación industrial e construír cadeas de valor europeas con base na complementariedade das estratexias rexionais de especialización intelixente. |
| 18/11/2024 | CDTI-SOSST Bruselas | Estratexia Industrial Europea e Informe Draghi | Neste encontro tratouse como o contido do informe Draghi podría afectar as distintas extratexias industriais da UE |
| 18/11/2024 | Euregions4cohesion | Reunión de membros | O contido principal do encontro foi debater entorno as cartas para os comisarios Fitto e Serafin |
| 19/11/2024 | Delegación do Goberno de Canarias | Presentación final do proxecto Life Nieblas | Presentouse o proxecto Life Nieblas, financiado pola Comisión Europea e o Cabildo de Gran Canaria, que ten o obxectivo de poñer a proba diversos sistemas innovadores de captación de neboa para rehabilitar áreas degradadas pola deforestación |
| 19/11/2024 | FGE | Foro do Corredor Atlántico | A FGE acompañou á subdirectora de Infraestruturas á reunión deste foro, que se reúne por primeira vez despois da aprobación do novo Regulamento de Rede Transeuropea de Transporte da UE. |
| 19/11/2024 | FGE | Curso EGAP sobre financiación comunitaria | No curso explicouse o marco xeral de financiamento comunitario. O curso foi impartido por Vanessa Lobo Casas en Santiago de Compostela. |

| | | | |
|----------------------|-----------------------------|--|--|
| 20-21/11/2024 | CdR | Pleno nº163 do CdR | Neste pleno aprobáronse ditames vinculados ca agricultura, co acceso a servizos sociais, ca cooperación transfronteriza dos servizos de emerxencia, ca agricultura, co Marco Financeiro Plurianual, entre outros. Leváronse 36 emendas presentadas por a Xunta de Galicia. 17 de elas foron aprobadas: 11 adoptando a redacción literal proposta e 6 incorporándoas ao texto final con pequenas modificacións pero conservando a idea. |
| 21/11/2024 | CoRAI | Reunión de membros de CoRAI | Encontro destinado a analizar como a nova Comisión Europea 2024-2029 pode influír nas rexións vinculadas coa automoción |
| 25/11/2024 | Vanguard Initiative Network | Reunión de membros de Vanguard Initiative Network | Participación de GAIN |
| 26/11/2024 | CIVEX | Reunión de membros de membros da comisión CIVEX | Fíxose balance do traballo da comisión no mandato do CdR 2020-2025 |
| 26/11/2024 | ERRIN | ERA Policy Agenda 2025-2027 - a look ahead | Esta reunión do grupo de traballo sobre políticas ofrecerá un resumo dos debates actuais sobre o futuro da ERA, a nova axenda de políticas que se avexiña e as súas accións. Tamén analizaremos os próximos pasos e oportunidades desde unha perspectiva de ecosistema rexional, en relación coa reunión anterior do grupo de traballo sobre políticas da ERA que se realizará a partir de setembro de 2023. |
| 27/11/2024 | NAT | Reunión de membros da comisión NAT | Fíxose balance do traballo da comisión no mandato do CdR 2020-2025 |

| | | | |
|-------------------|--------------------------------|---|--|
| 28/11/2024 | LANDMARC, RESCUE, ConsenCUS | The Road to Net Zero | O obxectivo é debater e explorar o que os Gobernos poden levar a cabo ou xa están levando a cabo para axudar a ampliar estas solucións a tempo para cumprir as nosas ambicións climáticas colectivas. |
| 28/11/2024 | Public Sector Tech Watch | Premios aos mellores proxectos de Public Sector Tech Watch | Recoñecida a ferramenta EMI do Servizo Público de Emprego de Galicia |
| 28/11/2024 | CPMR | Reunión de membros da rede CPRM | Puxéronse en común as propostas das rexións ante unha posible centralización dos fondos de cohesión a partir de 2027. |
| 29/11/2024 | A RIOXA | Celebración dos 30 anos do CdR | No acto conmemorouse os 30 anos do aniversario do CdR dende A Ríoxa |
| 02/12/2024 | Parlamento Europeo | Reunión da comisión de Desenvolvemento Rexional | |
| 02/12/2024 | REPER | Reunión coa vicepresidenta executiva primeira da Comisión Europea, Teresa Ribera | Tras o nomeamento de Tereas Ribeira para formar parte da Comisión Europea, esta decidiu ter un encontro co persoal que traballa na sede da REPER. A este evento invitáronse tamén aos directores das oficinas rexionais que non teñen a sede na REPER, como a FGE. |
| 03/12/2024 | DCRN | Reunión de membros de DCRN | Levou a cabo un almorzo dos membros da rede con eurodiputados para presentarlles a estes o documento de posición sobre o futuro da política de cohesión que elaborou a rede. |

| | | | |
|-------------------|--|---|--|
| 03/12/2024 | Xunta de Galicia | Reunión de coordinación do posicionamento común das CC. AA no Consello de Medio Ambiente | Posicionamento común sobre a proposta de regulamento relativo á prevención das perdas de granulados para reducir a contaminación por microplásticos |
| 03/12/2024 | FGE | Reunión coa consultora A Lanzada para informar do Proyecto FISATUR | FISATUR apoia ás redeiras de Galicia a diversificar a súa actividade. Gustaríalles mostrar os resultados do proxecto en Galicia. |
| 03/12/2024 | Fundación Academia Europea e Iberoamericana de Yuste | As relacións UE-CELAC: crear certeza ante os desafíos globais comúns | O encontro tivo como fin reflexionar sobre os mecanismos e espazos de cooperación entre as relacións UE-América Latina e o Caribe, e centrouse nos resultados do cumio UE-CELAC celebrado no 2023 en Bruselas baixo a presidencia española do Consello da UE |
| 03/12/2024 | Festival EMIGRASON | Presentación da terceira edición do festival EMIGRASON | Neste evento os organizadores do festival presentaron a parte da comunidade galega e española nunha recepción en Bruselas a terceira edición do festival, que terá lugar en febreiro de 2025 |
| 04/12/2024 | FGE | Reunión sobre MFP e a proposta Restore | Nesta reunión os directores e membros das oficinas das comunidades autónomas poideron plantexar as súas dúbidas sobre o MFP e a proposta restore aos conselleiros da REPER encargados de estes asuntos |
| 04/12/2024 | REPER | CORE post-consello de Competitividade | |

| | | | |
|-------------------|------------------------|---|---|
| 05/12/2024 | REPER | CORE post-consello EPSCO (Sanidade) | |
| 05/12/2024 | CPRM | Conferencia sobre cohesión no marco da iniciativa #TerritoriesMatter | DG BUDGET, DG REGIO e a entrante Presidencia Polaca debateron sobre o futuro da política rexional coas rexións membros da CRPM. |
| 06/12/2024 | REPER | Reunión preparatoria del Consejo de Ministros de Agricultura | Reunión para preparar a última reunión de Agrifish |
| 10/12/2024 | Consellería do Mar | Reunión entre os conselleiros do Mar de Galicia e Bretaña | |
| 10/12/2024 | CPRM | Recepción de Nadal | O obxectivo do evento foi que os membros da CPRM puidesen saudar persoalmente ao novo presidente da rede, Mr. Reinhag, que asumiu o cargo trala renuncia do presidente de Bretaña. |
| 11/12/2024 | Delegación de Cataluña | Dando forma ao futuro das economías de montaña | Levouse a cabo un debate sobre as principais políticas que se deberían aplicar para as economías dos territorios de montaña e que papel xogan os mesmos na actualidade das institucións europeas. Estas políticas presentadas foron o resultado da 13ª Convención Europea da Montaña, que tuvo lugar en Puigcerdá (Cataluña) e reuniu a distintos axentes implicados nas economías de montaña |
| 12/12/2024 | REPER | Reunión post Consello de Transportes | Explicouse as oficinas rexionais os asuntos tratados no Consello de Transportes de decembro |

| | | | |
|-------------------|---|--|--|
| 13/12/2024 | Fundación Galicia Europa | Encontro virtual Xunta-UE: Auditoría do MRR | Informouse sobre a auditoría do Tribunal de Contas Europeo sobre o MRR |
| 13/12/2024 | Oficina de Castilla-La Mancha en Bruselas | Reunión CORE EASIM | Dronse a coñecer os resultados do Consello EPSCO nas suas formacións de Empleo y Política Social |
| | | | |

ANEXO II – Oportunidades detectadas e expedientes ou debates obxecto de seguimento

| Data | Oportunidades detectadas de participación galega | Correos informativos | Expedientes ou debates obxecto de seguimento | Consellería |
|------------|--|--|--|--------------------------------------|
| 12/09/2024 | 1) Participación en seminario sobre turismo atlántico no marco da CRPM, 2) Evento informativo organizado pola Comisión para debater sobre novidades no sector turístico. | 1) Invitación e axenda do seminario organizado por Cantabria no marco da CRPM; 2) información, axenda e detalles de inscrición no evento organizado pola Comisión. | | Presidencia |
| 13/09/2024 | Información convocatoria plaza para Grupo de Alto Nivel en Descarbonización da Flota | | | Consellería do Mar |
| 13/09/2024 | Información convocatoria plaza para Grupo de Alto Nivel en Descarbonización da Flota - praza portos | | | |
| 24/09/2024 | Novas automoción: Asemblea xeral de ARA + Itinerario de transición do ecosistema da mobilidade + Ruta 35 | | | Consellería de Economía e Industria |
| 25/09/2024 | Apoio á candidatura da Autoridade Portuaria de Vigo. | A APV quere aportar un experto que coordine o grupo de portos, dentro do Grupo de Alto nivel sobre a transición enerxética da pesca e da acuicultura. | | Manuel Pleguezuelo, Comisión Europea |
| 01/10/2024 | Información sobre a tramitación do acto delegado que pechará o Golfo de Biscaia entre xaneiro e febreiro de 2025. | | | Consellería do Mar |

| Data | Oportunidades detectadas de participación galega | Correos informativos | Expedientes ou debates obxecto de seguimento | Consellería |
|-------------------|---|---|---|--|
| 07/10/2024 | Correo información sobre a segunda conferencia de 2024 da Plataforma de Transición Xusta | | | Consellería de Economía e Industria |
| 10/10/2024 | Correo información sobre a resolución dunha petición en relación a unha posible infracción da Xunta no despregamento da enerxía eólica. | | | Consellería de Medio Ambiente |
| 16/10/2024 | Enquisa sobre financiamento europeo (STEP) | | | Consellería de Facenda |
| 18/10/2024 | | Correo información sobre os efectos da sentenza de anulación do acordo de pesca UE-Marrocos | | Consellería do Mar |
| | Posibilidade de apoio e financiamento do sector cultural e creativo en Galicia | Correo informativo sobre a reunión mantida sobre o programa de traballo 2025 de Europa Creativa, incluíndo distintas ligazóns de interese | | Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude |
| 22/10/2024 | Información sobre a iniciativa Living-in.EU | | | Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes |
| 22/10/2024 | Consulta a CEDEFOP sobre como conectarse cos datos da ferramenta OVATE Skills, desenvolvida por CEDEFOP, de cara a poñer en marcha a segunda fase de EMI en Galicia | | | Consellería de Emprego, Comercio e Emigración |

| Data | Oportunidades detectadas de participación galega | Correos informativos | Expedientes ou debates obxecto de seguimento | Consellería |
|--|--|----------------------|--|--|
| 25/10/2024 | Información sobre o mapa interactivo do Anuario Rexional Estatístico de CEDEFOP para comprender a situación de Galicia no contexto europeo | | | Consellería de Emprego, Comercio e Emigración |
| 28/10/2024 | Solicitud de relator para un evento sobre enerxía eólica organizado pola Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático | | | Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático |
| 11/11/2024 | Envío do posicionamento galego sobre o futuro da PAC (ES-EN) | | Encontros virtuais Xunta-UE | |
| 27/11/2024 (e ó longo de todo novembro) | Información sobre a reunión política anual de ARA | | | Consellería de Economía e Industria |
| 27/11/2024 | Información sobre os proxectos galegos do Fondo de Innovación | | Fondo de Innovación | Consellería de Facenda e Administración Pública |
| 28/11/2024 | Relatores para un evento sobre investimento en ciencia (Galicia) | | | Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes |
| 02/12/2024 | Trasmisión do apoio institucional do Goberno galego para a inclusión do hidroducto Guitiriz-Zamora no mapa europeo do hidróxeno verde [convocatoria de proxectos PIC | | <i>Energy infrastructure Projects of Common Interest (proxectos PIC)</i> | Consellería de Economía e Industria |

| Data | Oportunidades detectadas de participación galega | Correos informativos | Expedientes ou debates obxecto de seguimento | Consellería |
|-------------------|---|--|---|--|
| 06/12/2024 | Información sobre Premios Europeos da Enerxía Sostible | | | Consellería de Economía e Industria |
| 09/12/2024 | | Información sobre Ferramenta "Matrix for Change" | | Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes |
| 09/12/2024 | Información sobre Premios Europeos da Enerxía Sostible | | | Consellería de Medio Ambiente |
| 09/12/2024 | Información sobre Premios Europeos da Enerxía Sostible | | | Forestal del Atlántico |
| 13/12/2024 | Información sobre os primeiros selos STEP | | Plataforma Europea de Tecnoloxías Estratéxicas (STEP) | Facenda e Administración Pública |

ANEXO III - Listado de siglas

| | |
|-------------|---|
| AMTEGA | Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia |
| CAA | Comisión do Arco Atlántico da CRPM |
| CORE | Colaboración entre Oficinas Rexionais Españolas |
| CRPM | Conferencia de Rexións Periféricas e Marítimas |
| DCRN | Rede Europea de Rexións con Desafíos Demográficos |
| DG AGRI | Dirección Xeral de Agricultura da Comisión Europea |
| DG EMPL | Dirección Xeral de Emprego e Asuntos Sociais da Comisión Europea |
| DG RTD | Dirección Xeral de I+D+i da Comisión Europea |
| DIH | Digital Innovation Hubs |
| EIT Digital | Comunidade de Innovación no ámbito dixital auspiciada polo European Institute of Technology (EIT) e financiada por Horizonte Europa |
| EPRS | Servizo de Estudos do Parlamento Europeo |
| ERRIN | Rede de Investigación e Innovación das Rexións Europeas |
| EWRC | Semana Europea das Rexións e das Cidades |
| FGE | Fundación Galicia Europa |
| GAIN | Axencia Galega de Innovación |
| JRC | Centro Común de Investigación da UE (<i>Joint Research Centre</i>) |
| MFP | Marco Financeiro Plurianual |
| REPER | Representación Permanente de España na Unión Europea |
| VI | Rede Vanguard Initiative |